



## **FERMÍN BOUZA-BREY** **E "LA NOCHE"**

---

*Blanca-Ana Roig Rechou*

Universidade de Santiago

Colaboradoras:

Elisa Moldes Cortés

Belén Mendoza Conde

M<sup>a</sup> do Carme Silva Pérez

Esperanza Vázquez López

Dende que a Real Academia Galega acordara no ano 1963, a iniciativa de Francisco Fernández del Riego, instituír o día 17 de maio de cada ano como día das Letras galegas, foron moitos os homes e mulleres homenaxeados ata o de hoxe<sup>1</sup>.

O obxectivo que se perseguía con esa celebración era restablecer a relación dos galegos coa súa literatura e honrar a aqueles escritores que, pola importancia da súa obra ou pola significación que tivesen na historia de Galicia, merecen unha homenaxe colectiva. Elixíuse a data do 17 de maio para conmemorar a publicación de *Cantares Gallegos*, de Rosalía de Castro. Así cen anos despois, foi Rosalía de Castro a elixida para esta homenaxe. Tódolos 17 de maio, institucións, centros de ensino, asociacións e cidadáns dedicáronse e dedícanse a honrar de formas múltiples á personalidade homenaxeada, converténdose, este día, nunha xornada de reivindicación nacional, de profundización na realidade galega, de reflexión, etc. Co paso dos anos esta xornada ampliouse e os actos (conferencias, concursos, recitais, debates, etc.) foron ocupando toda unha semana. En moitos lugares comezou a se falar do mes das Letras Galegas e dende o ano 1989 a figura homenaxeada pola Academia é tamén elixida pola Xunta de Galicia como merecedora de dedicarlle atención durante todo o ano.

Para o 1992 elixíuse a Fermín Bouza-Brey Trillo de Figueroa.

Foi, o noso homenaxeado, un home polifacético que naceu en Pontearreas o 31 de marzo do 1901. Un home que pasou a meirande parte da súa infancia en Vilagarcía de Arousa, que cursou os primeiros estudos en Pontevedra e Ourense e que no 1918 chegou a Santiago de Compostela, á cidade da súa familia materna, para estudar primeiro Filosofía e Letras e logo Dereito. Nesta cidade, licenciouse en Dereito e Historia, especialidades que

---

1. *Gran Enciclopedia Gallega*, Gijón-Santiago de Compostela: Silverio Cañada editor, 1974, tomo IX, pp. 64-65.

compaxinaría ó longo da súa vida. Doutorouse, posteriormente, en Madrid e exerceu profesionalmente a carreira xudicial tanto en Galicia coma noutros lugares de España. Esta vida esmoreceu un 11 de xuño de 1973 en Santiago de Compostela e os restos do noso escritor descansan en Cortegada, lugar de residencia familiar, onde pasou tamén parte da súa vida.

Dende a etapa estudiantil, destacou Bouza-Brey como un mozo preocupado pola cultura e historia de Galicia. Aínda que se manifestou maioritariamente en castelán, sobre todo como investigador<sup>2</sup>, preocupouse pola lingua do seu país e nela, como veremos, deixou importantes mostras. Ós vinte anos comezou a espallar poemas nas publicacións do momento e ós vintedous, o 12 de outubro do 1923, xunto con outros estudantes<sup>3</sup>, creou en Ortoño, na casa en que se criara Rosalía de Castro, o Seminario de Estudos Galegos:

A idea foi miña, o esforzo de todos<sup>4</sup>.

O Seminario creouse cuns obxectivos moi claros, o estudio de tódalas manifestacións culturais de Galicia, e coa intención de formar un cadro de investigadores que logo puidesen divulgar os seus traballos. Para conseguir estes obxectivos, puxeron en funcionamento seis grandes seccións dirixidas cada unha por un membro do Seminario. O método de traballo a seguir baseábase nun modelo que a Institución Libre de Enseñanza importara de Alemania e que predominaba na Europa do momento. Consistía en grandes investigacións monográficas en serie e en equipos. O seu primeiro presidente foi o catedrático de Lingua e Literatura Españolas, Armando Cotarelo Valledor, quen foi seguido no cargo polo tamén catedrático de Dereito Público e Privado Internacional e Canónico, Salvador Cabeza de León, ambos moi interesados pola cultura de Galicia. Pero o Seminario reforza a súa vocación nacionalista coa entrada de membros do denominado Grupo Nós e o encargo de seccións a figuras destacadas deste grupo, como a Otero Pedrayo (Xeografía humana) e a Vicente Risco (Etnografía e Folklore), figura máxima da Etnografía moderna.

Bouza-Brey, nesta institución e na que a substituíu<sup>5</sup>, o Instituto de Estudios Gallegos “Padre Sarmiento”, do C.S.I.C., creado o 15 de febreiro do 1944, desenvolveu un amplo traballo en varias seccións, traballo que se atopa non só nas publicacións ou no historial

- 
2. Sinala Xesús Alonso que o seu primeiro artigo en castelán “Teatro de antano en Santiago”, data do 1919 e o primeiro en galego “Os estudantes ao arcebispo”, do 1924. Ver: “Fermín Bouza Brey: máis de cincuenta anos ó servizo da cultura galega (nota de urxencia pra un homenaxe)”, en *Lengua, Literatura e Sociedade en Galicia*, Madrid: Akal editor, col. Arealonga, 1977, p. 156-157.
  3. Non hai unanimidade no momento de indicar cantos estudantes formaban parte da expedición, o que si sabemos é o nome dos que firmaron a acta fundacional no domicilio de Armando Cotarelo Valledor: Ramón Martínez López, Xosé Filgueira Valverde, Lois Tobío Fernández, X. Manoel Magariños Negreira, Alberto Vidán, V. Requeixo Cambeses, W. Requejo Buet, Francisco Romero Lema e Xosé Pena e Pena. Ver *Gran Enciclopedia Gallega*, cit., t. XXVIII, pp. 115-119.
  4. Como o mesmo Bouza afirmou nas entrevistas que se lle fixeron nos anos 1954 e 1971. Ver A. R. López, “Fermín Bouza-Brey 1901-1973”, *El Correo Gallego*, “Revista das Letras”, 1 de xaneiro, 1992.
  5. Vid. *Gran Enciclopedia Gallega*, cit., tomo 18, p. 25.

bibliográfico do Seminario e do Instituto senón que aparece tamén espallado polas publicacións periódicas e non periódicas do momento. Son bos exemplos a revista *Nós* na que traballa incansablemente e non só como creador senón que tamén como etnógrafo, prehistoriador, lexicógrafo, crítico literario, etc.<sup>6</sup>; no voceiro das Irmandades, *A Nosa Terra*, onde se manifesta en idénticas facetas<sup>7</sup>, ou na publicación obxecto deste traballo informativo, é dicir, en *La Noche*, entre outras moitas.

No ámbito da creación destacou na poesía, aínda que tamén fixo incursións na narrativa e no teatro.

Como poeta considéraselle o fundador do Neotrobadorismo xunto con Alvaro Cunqueiro. Os poemarios que publicou foron *Nao senlleira* e *Seitura*<sup>8</sup>, moi ben acollidos pola crítica do momento, como se pode constatar nas reseñas que sobre elas se fixeron<sup>9</sup>.

Os estudiosos da súa poesía, aínda que non dubidan en consideralo o creador da tendencia citada, ven nel outras facetas. Alonso Montero comenta:

hai instantes en que Bouza Brey é dono da voz fonda e íntima que caracteriza ós grandes poetas<sup>10</sup>.

---

6. Son moitos os poemas que Fermín Bouza Brey publicou en *Nós*: “Pra facer un feitoizo” (nº 12, 25-8-22); “Trova infinita” (nº 27, 15-3-26); “Lelias ao teu ouvido” (nº 32, 15-8-26); “Triadas no mar e na noite” (nº 41, 15-5-27); “Teño...” (nº 45, 15-9-27); “Desacordo pra ben muiñar” (nº 53, 15-5-28); “Clamor na encrucillada” (nº 59, 15-XI-28); “Tenzón con Malvís amigo” (nº 66, 15-VI-27); “Trova das sete naos” (nº 79, 25-VII-30); “Temas en corazón” (nº 82, 15-X-30); “Cata a fonte costureira” (nº 84, 15-XII-30); “No anal de Manoel Antonio” (nº 85, 15-I-31); “O escordeonista” (nº 89, 15-V-31); “Cantiga cívica” (nº 91, 25-VII-31); “Tópico no porto” (nº 112, nº 15-IV-33); “Agarimo” (nº 115, 25-VII-33). Todos eles recollidos en F. Bouza-Brey, *Obra literaria completa*, Santiago: Edicións do Cerne, 1980 e Vigo: Edicións Xerais de Galicia 1981. Observamos pequenas variantes nos títulos dos poemas, así, o titulado en *Nós* “Cata a fonte costureira” pasa a “Temas da fonte agachada”; o titulado “Teño...” pasa a “Teño unha estrela”. Tamén observamos cambios de grafías nalgúns poemas.

Bouza-Brey na revista *Nós* ofreceunos, ademais, artigos de prehistoria, arqueoloxía, arte popular, folclore, sobre personalidades das letras, como Pondal, por exemplo, e formou parte do equipo que recollía por toda Galicia, ditos, lendas, cantigas, contos, xogos, etc., e que se publicaban no “Arquivo Filolóxico e Etnográfico”, que abriu na revista Vicente Risco con grande entusiasmo, moi acorde coa ideoloxía do galeguismo do momento.

7. En poesía deixounos as seguintes composicións: “Soneto antergo” (nº 204, 1 setembro 1924); “Lied” (nº 239, 25 xullo 1927); “Temas en corazón” (nº 280, 1 febreiro 1931); “A un mozo galego dende Cornualla” (nº 383, 21 setembro 1935). O primeiro e o último dos poemas citados están hoxe publicados e comentados nun meu traballo titulado “Fermín Bouza-Brey, un soneto recuperado e unha noveliña a recuperar”, *Boletín Galego de Literatura*, 6, Universidade de Santiago de Compostela, novembro-1991, pp. 103-113. O poema “Temas en corazón”, xa o vimos publicado en *Nós*. Este poema presenta variacións acentuais, puntuais e ortográficas con respecto ó publicado en *Obra literaria completa*, xa citada. Entre estas variacións destacamos: *prangideiras* por *pranxideiras*, *dormir por durmir*, *aso* por *azo*, etc., de difícil explicación dado que foron publicados en vida do autor nas publicacións comentadas e, xa morto o autor, en *Obra literaria completa*.

Tamén deixou mostras das facetas de crítico e historiador. Así, “N-este día” (nº 203, 25 xullo 1924); “A razón literaria de Eduardo Pondal e a necesidade de unha revisión dos seus *Queixumes*” (números 208, 209, 210 e 211, correspondentes ós días 1 de xaneiro, febreiro, marzo e abril do 1925, respectivamente).

8. Santiago: Ed. Nós 1933 e Braga: Edição de Livraria Cruz, col. 4 ventos, s.d. Hoxe recollidas en Bouza Brey, *Obra literaria completa*, Santiago: Edicións do Cerne 1980 e Vigo: Edicións Xerais de Galicia, col. Grandes Mestres, 1981. No apartado poético, estas edicións presentan algunhas variantes: no número de poemas de que constan os poemarios, variantes nos poemas, variantes ortográficas, etc.

9. Sen sinatura, “*Nao senlleira*, por Bouza Brey”, *Nós*, 115, Día de Galicia 1933; idem, “Bouza Brey: *Nao senlleira*...”, *A nosa terra*, 18 setembro 1933, entre outras.

10. Art. cit., páx. 157.

E referíndose concretamente a *Nao senlleira*, poemario onde se pode xustificar mellor o termo Neotrobadorismo, segundo a opinión xeral dos críticos, di que se poden atopar nel:

poemas menos vencellados á preceptiva trobadoresca onde, se cadra, están os grandes versos do noso autor, os versos que nos dan a medida do excelente poeta que era<sup>11</sup>.

O resto dos poemas, que o noso escritor fixo ó longo da súa vida están en soportes varios e mesmo en coleccións e arquivos particulares.

Como narrador só lle coñecemos a noveliña de aventuras *Cabalgadas en Salnés*, coa que asistiu á chamada que Leandro Carré e Anxel Casal facían para saír ó mercado cunha das iniciativas máis importantes da Literatura Galega da primeira metade do século: a Colección Lar<sup>12</sup>. É esta noveliña, como deixei dito noutro traballo,

unha pequena mostra do que podería dar de si, na Literatura Galega, a novela de aventuras. O escritor de Pontearreas deixounos nesta peciña os elementos básicos deste tipo de novela<sup>13</sup>.

Como autor teatral é moi pouco o que podemos dicir. Temos noticia de que se presentou a un concurso cun texto titulado *Romance de don Galeor*<sup>14</sup>.

O seu traballo cubriu, ademais, o campo da crítica e da investigación, facendo incursións na Literatura, Historia, Etnografía, Prehistoria, Lexicografía, etc. Actividades todas elas que deron como resultado moitos títulos, entre artigos e monografías, cos que Fermín Bouza-Brey engrosou a Bibliografía de Galicia. Estes traballos atópanse, como xa avisamos, no historial das institucións para as que traballou ó longo da súa vida e tamén nas publicacións periódicas e non periódicas do momento, no seu arquivo privado e, moi posiblemente, en arquivos particulares<sup>15</sup>.

Unha das publicacións na que Fermín Bouza Brey deixou a súa impronta foi en *La Noche*, diario que apareceu en Santiago de Compostela o venres 1 de febreiro do 1946

---

11. "Homenaxe a Bouza-Brey", *Faro de Vigo*, "Suplemento Cultural", sábado 9-5-1981, p. 30.

12. Vid. Blanca-Ana Roig Rechou, *Análise da narrativa da colección "Lar"*, Tese de Licenciatura, Facultade de Filoloxía, Santiago de Compostela 1983; idem, "As noveliñas Lar, unha lección para o kiosko galego", *Dorna*, 7, Universidade de Santiago 1982, pp. 17-23; idem, "Introducción: os primeiros pasos cara a unha prosa narrativa moderna" e "Xulián Magariños Negreira e a colección Lar", en X. Amancio Liñares Giraut e Blanca-Ana Roig Rechou, *Xulián Magariños Negreira. Un home da "Época Nós" 1904-1934*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, 1988, pp. 9-21 e 117-141, respectivamente.

13. Blanca-Ana Roig Rechou, "Fermín Bouza-Brey, un soneto recuperado e unha noveliña a recuperar: *Cabalgadas en Salnés*", cit. pp. 112.

14. Ibidem, pp. 108-109.

15. Este traballo investigador valeulle a consideración das institucións máis prestixiosas do momento. Así, pensionado pola Universidade de Santiago de Compostela e pola Junta de Ampliación de estudos foi becado para realizar traballos de investigación en Francia e Portugal; foi invitado pola Academia Argentina de Letras para impartir cursos sobre folclore; foi distinguido en numerosas academias e así formou parte, como membro numerario ou correspondente, da Academia Gallega dende 1941, da Asociación de Arqueólogos Portugueses, do Instituto Nacional de Antropoloxía de París, da Academia de Historia e Belas Artes de San Fernando, da Academia da Historia, da Sociedade Española de Antropoloxía, Etnografía e Prehistoria, da Sociedade Portuguesa de Antropoloxía, Etnografía e Prehistoria, da Sociedade de Xeografía de Lisboa, da Sociedade de "Martín Sarmiento de Guimaraes, do Instituto de Coimbra, do Instituto de Estudos Asturianos e doutras moitas institucións científicas. Estaba en posesión de importantes condecoracións nacionais e estranxeiras.

baixo a dirección de José Goñi Aizpurrúa, quen permaneceu no cargo ata o 1 de abril do 1960, data na que foi substituído por Raimundo García Domínguez (Borobó) ó que seguiron José Vidal Iborra e Francisco Leal Insua. Era *La Noche* un xornal vespertino que se titulaba “Único diario de la tarde en Galicia” e que saíu tódolos días, ata o 1967, ano no que se fusionou con *El Correo Gallego*, concretamente o día 1 de decembro do 1967.

Como di Enrique Santos Gayoso<sup>16</sup>:

Como todos los periódicos gallegos de esta época, mostraba una ferviente adhesión al régimen franquista, hecho que nunca pudo ocultar. Con el tiempo el diario se agilizó y procuró tener a los más importantes intelectuales gallegos del momento y dar oportunidad a los más jóvenes.

Esa axilización da que nos fala Enrique Santos Gayoso foi a que permitiu que aparecesen nel as firmas máis consideradas do momento: José María Castroviejo, Angel del Castillo, Antonio Fraguas, José Filgueira Valverde, A. Couceiro Freijomil, Alvaro Cunqueiro, Raimundo García Domínguez (Borobó), Fermín Bouza-Brey, Vicente Risco, Benito Varela Jácome, Salvador García Bodaño, Méndez Ferrín, Otero Pedrayo, etc. Tamén ocasionou que entre os múltiples suplementos que se publicaron ó longo da vida deste xornal, tivese un significado especial o “Suplemento del sábado”, un suplemento cultural moi importante para a súa época, dirixido por Francisco Fernández del Riego (pseudónimo Salvador Lorenzana), quen conseguiu que nel deitaran as súas opinións un bo fato de galeguistas do momento, entre eles: Xaime Isla (economía), Neumandro (pseudónimo de Anxel Fole), Fernando Cadaval (pseudónimo de R. Carballo), Benito Varela Jácome, C. Martínez Barbeito, Cunqueiro, entre outros máis novos. Escribiron este suplemento en castelán e en galego para non alporizar ás autoridades. Aínda que se preocuparon por ser prudentes, non foi suficiente o seu empeño e o suplemento tivo que desaparecer o 28 de xaneiro do 1958. Ó director, José Goñi, chegaronlle, ó parecer, presións desfavorables á intención e temática das páxinas. Polo tanto este suplemento que compuxeron con entusiasmo os galeguistas vigueses só veu publicados 15 números. Segundo Enrique Santos Gayoso, “este suplemento fue un ensayo general de lo que pronto sería la Editorial Galaxia” (p. 691).

A desaparición deste suplemento non supuxo o abandono do xornal por parte dos galeguistas e estudantes, que xa escribiran con anterioridade á súa creación e que seguiron a facelo noutros suplementos e seccións.

Fermín Bouza Brey, nos diferentes números que se publicaron deste xornal deixounos un bo número de artigos. Nun primeiro baleirado desta publicación<sup>17</sup>, non atopamos ningunha mostra de Fermín Bouza Brey creador pero si unha serie de artigos que nos informan das preocupacións críticas e investigadoras ás que se dedicou:

Como crítico literario as inxedanzas manifestadas por Fermín Bouza-Brey centráronse en estudos ou informes da vida e da obra de autores da nosa Literatura ou persoas relacionadas con ela. Así Noriega Varela, Crecente Vega, Aurelio Aguirre e Rosalía de Castro, citados na mesma orde en que apareceron os artigos, foron obxecto da súa consideración.

---

16. *Historia de la prensa gallega 1800-1986*, Sada-A Coruña: Edicións do Castro, col. Cuadernos do Seminario de Sargadelos 52, 1990, pp. 690-691.

17. Labor no que fun axudada polas alumnas de Literatura Galega (3º de humanas) da Escola Universitaria do profesorado de E.X.B. de Santiago de Compostela, que se citan como colaboradoras.

No primeiro deles, “El elemento popular en Noriega Varela”<sup>18</sup> comenta a edición que *Do ermo* se fixera en Lugo. Acontecemento que, segundo Bouza-Brey,

pone en el horizonte lírico de la Galicia actual una nota de oasis verde y jugoso en medio del panorama literario que nos envuelve.

A seguir, analiza a poesía que Noriega deita neste poemario e engade ás influencias clásicas (“do seminarista frustrado que era el poeta, con Virgilio al frente”), ás lusitanas (“presididas por Camoens lírico, el de los sonetos del constante amor”), xa comentadas con anterioridade<sup>19</sup>, unha dirección ben acusada: a literatura popular, para logo pasar a analizar dúas facetas da Literatura popular que interesaran moito a Noriega, recolector de folclore e glosador de Cantigas ó modo de Rosalía de Castro nos seus *Cantares Gallegos*, á parte dos xiros e modismos que Bouza non se propuxo estudar neste artigo.

Sinala que a faceta de “recolector de folclore” levou a Noriega a dúas publicacións: “A Virxen i-a paisanaxe”, que encabezaba, coas súas cen cantigas populares dedicadas á virxe, a publicación obxecto do seu traballo e “Como falan os brañegos” na que recolleu paremias, adiviñas e material lexicográfico.

Advirte Bouza, antes de seguir o seu comentario da poesía de Noriega, que este non fora un investigador. Fora só un simple coleccionista. Polo tanto non se atopan comentarios que ilustren as cantigas e menos anotacións xeográficas sobre o lugar de recollida que tanto axudan a esclarecer cuestións de diferencias dialectais dentro do idioma de Galicia.

Bouza-Brey detívose nunha das cantigas para advertir que se trataba dunha cantiga portuguesa que Noriega debeu coñecer a través dos estudos que dela fixeran Claudio Basto, Leite de Vasconcellos, Carolina Michaëlis e Pires Lima, debido a que esa cantiga non entrou en Galicia aínda que se atopen elementos populares galegos nos dous últimos versos:

No ventre de Virxen M<sup>a</sup>  
encarnóu Divina Graza.  
Entróu e salfu por Ela  
como o sol pol-a vinchaza.

A continuación son moitos os exemplos cos que Bouza pon de manifesto o afán do poeta popular por converter á Nai de Deus, protectora, en individuo do seu gremio: rianxeira, segadora, fiandeira, etc., para logo analizar o que el consideraba a novidade da publicación e que residía non só na glosa que Noriega facía de poesías populares senón na inclusión como propias de triadas e cuartetos do pobo. Segundo Bouza este segundo procedemento hai que atribuílo a un descoido da imprenta ó manexar os orixinais nos que, polo reverso, tería anotado o “Noriega recolector” a poesía popular correspondente; ou tamén á omisión da indicación “popular” que se advirte noutras triadas e cuartetos. De tódolos xeitos parécelle extraño ese intercalado de poemas populares tan comúns e xa publicados dende hai anos en coleccións folclóricas. Considera como cousa distinta a “incrustación” de cantares da lírica popular debidamente entrecomillados que nos reflecten a un Noriega cantor das humildes cousas e dos eternos efectos no pequeno. En xeral, Bouza pensaba que o autor de *Montañesas* e de *O ermo* foi un profundo coñecedor da poesía popular. Por iso

18. *La Noche*, 22 de xaneiro, 1947.

19. Edición desta obra de Noriega publicada por Losada, Risco e Nogueira, en Ourense.

pensaba tamén que era preciso, á parte desta edición divulgativa que estaba a comentar, facer outra tendo en conta

el candor polícromo de las blancas “carpazas”, de las rojas “abruelas”, de las doradas “chorimas” en ingenuas girnaldas; con el vuelo de las “labercas” y las “rulas”; con los finos velos del “neboeiro” y el albo manto de las nieves, a la que no falten los aguafuertes del aullar del lobo, del grito salvaje de la gaviota, de los espinos cerqueiros y las punzantes argomas en flor.

En definitiva, unha edición baseada nun bo coñecemento do popular.

No artigo “Ha muerto un poeta”, segunda entrega do grupo que estamos a comentar<sup>20</sup>, Bouza Brey fai unha necrolóxica poética en recordo de José Crecente Vega, sacerdote, catedrático de Lingua latina e poeta que morreu lonxe da súa terra, en Segovia, na Semana Santa do ano Santo Compostelán do 1948. Recorda Bouza-Brey que Crecente Vega publicara no ano 1933 en Compostela o seu primeiro poemario titulado *Codeseira*, obra na que confluían, ó seu parecer, o erudito e o popular por medio dun “léxico agrario selecto y fundamental”. Poemario que fala de cousas sinxelas e primitivas: do vento dos feitos, do triste sapo cantor, etc...

Un poemario dun home que Bouza Brey non coñecera persoalmente pero que admiraba polas súas poesías

aromadas de agreste sinfonía bajo la que trasciende un espíritu criado entre lecturas escogidas.

O seguinte artigo de Bouza Brey que apareceu nesta publicación, “Gloria y desventura de Aurelio Aguirre”<sup>21</sup>, foi realizado con motivo da exposición que o Instituto P. Sarmiento facía anualmente e na que se conmemoraba a tráxica morte de Aurelio Aguirre. Nel, deixounos Bouza-Brey unha poética biografía do poeta. Partiu o biógrafo da morte de Aurelio de Santiago Aguirre Galarraga, que así se chamaba, acaecida o día 29 de xullo do 1858 na badía de San Amaro, un dos dous máis importantes acontecementos que ocorreran naquel ano Santo Compostelán; o outro correspondía á “Exposición Industrial e agrícola de Galicia”. A seguir, Bouza-Brey fai referencias á conxunción que aquela morte produciu:

Conmovióse la porción más sensible de la ciudad y ella arrastró el sentimiento de toda la urbe. Obreros y estudiantes, a los cuales había enlazado pocos años antes el poeta con sus ardientes versos bajo los robles de Conjo, en un banquete histórico, unidos por generosa emoción, escribiendo en honor de su idolatrado Aurelio una de las páginas más severas y vigorosas de la Compostela romántica al traer el cadáver embalsamado del poeta para darle sepultura en su recinto.

A partir de aquí fálanos Bouza-Brey de cando naceu o malogrado poeta (23 abril 1833, na parroquia de San Andrés Apostol), dos seus pais (vascos de nacencia), do negocio do pai e da súa quebra, da morte do pai, do seu padrastró, dos seus estudos, dos días do “Liceo de San Agus-

---

20. *La Noche*, xoves 8 de abril, 1948, ano XXIX, n° 8.399,

21. *La Noche*, martes 29 de xullo, 1958, ano XXXVIII, n° 11.659, pp. 4 e 8.

tín”, dos seus amigos, das súas actividades cívicas, da temática da súa poesía, dos seus amores, da publicación das súas composicións poéticas, comezadas no ano 1858 a costa dunha colecta feita polos seus compañeiros, polas aulas de xurisprudencia e polos artesáns de Compostela, da súa morte, profeticamente anunciada polo poeta no seguinte escrito que Bouza reproduce:

¡No sé que playa al abordar me espera!  
¡Misterio ingrato a mis profanos ojos!  
Mas, si náufrago llego a la ribera,  
cuando el mundo recoja mis despojos  
- “Era artista en sentir”, habrá quien diga;  
“pero su estrella le alumbró enemiga”.

Por último, non deixou Bouza de tocar tamén en *La Noche* a unha das autoras que ocupou moito do seu tempo ó longo da súa vida: Rosalía de Castro, como pode constatarse no artigo titulado “Mañana se cumplen cien años de la boda de Rosalía de Castro con Murguía”, ou en “Libro de fé e de esperanza. A xénesis dos Cantares”<sup>22</sup>, primeiro artigo desta publicación escrito en galego polo noso autor para homenaxear a Rosalía de Castro no centenario de *Cantares Gallegos* e xusto no primeiro ano en que o día 17 de maio se celebra o Día das letras galegas.

Esta preocupación rosaliana puido dar a obra de síntese, como deixou escrito Ricardo Carballo Calero<sup>23</sup>, do noso autor: a biografía de Rosalía de Castro:

Non certamente unha biografía ensástica, unha interpretación persoal da sinificación vital da escritora ou unha simple novela histórica ou evanxeo apoloxético (...) senón unha obra científica en que o dado arquivístico, percurado con paciencia e rigor (...) ordenaría en sistema coerente os miúdos feitos cuio encadeamento constituí a estrutura da historia. Bouza traballaba nesa obra e haberá que ver ata que extremo de perfeición teñen chegado os esforzos realizados en tal sentido (p. 351, do artigo anterior).

Isto demostrouno nos dous artigos citados. No primeiro deles, “Mañana se cumplen cien años de la boda de Rosalía”<sup>24</sup>, Bouza-Brey, despois de facer referencia a este centenario e ó que representaban para Galicia tanto Rosalía coma Murguía (a unión da “expresión lírica” e da “expresión histórica”) e despois de facer referencia a que Galicia enteira estaba na igrexa madrileña de San Idelfonso o día 10 de outubro do 1958 para acompañar á parella, pasa a explicar como e cando chegaron ambos a Madrid. Afirma que en xaneiro do 1854 chegou Murguía, só, abandonando a súa carreira de farmacia e disposto a loitar no mundo das letras; que en abril do 1856 chegou Rosalía acompañada, non da súa nai, como se dixo repetidas veces, senón da súa tía dona María Castro e dos seus primos Carme, Concha e Tomás García-Lugín e Castro, xunto ós cales e coa súa nai vivira en Santiago. Murguía colaboraba en *La Iberia* e Rosalía escribía poemas que compoñerían *La Flor*, libro que Murguía gabou, aconsellando á súa autora:

Trabajad y ocupareis un hermoso puesto en nuestra literatura patria.

22. Xoves 9 de outubro, 1958, ano XXXVIII, nº 11.720, p. 4 e venres, 17 de maio, 1963, ano XLIV, nº 12.929.

23. “Na morte de Fermín Bouza Brey”, *Grial*, 41, xullo-agosto-setembro, 1973, pp. 351-353.

24. *La Noche* 9 de outubro, 1958.

Rosalía, lonxe da súa nai e da súa patria, reclúese na casa en Madrid sen asistir ás tertulias, pero a esta casa acudían, posiblemente pola súa relación co “Liceo de San Agustín” e por medio de Murguía, Bécquer, Correa, Ruíz Aguilera, etc., diante dos que Rosalía recitaba os seus versos. Con Murguía debeu asistir ós acontecementos culturais máis relevantes da capital. Bouza fai referencia á estrea do drama *Dalila*. Pero a pesar desas distraccións, ó parecer, Rosalía “Llevó siempre abierta la herida causada por los primeros desencantos” (como comentou o seu home). Por iso, ó contraer matrimonio, a parella ven para Compostela. No nº 1 da rúa da Conga nace a súa primeira filla, Alejandra, a compañeira inseparable da nai, artista, coma os seus proxenitores, que non quixo brillar fóra do seu domicilio familiar, onde axudou a saír á vida ós seus irmáns.

Remata o artigo facendo referencia de novo ó feito de que Rosalía e Murguía

guiados por su destino son portadores de dos fúlgidas antorchas, la de La Poesía y la de la Historia gallegas. De ellos, de la pareja gloriosa van a salir las luminarias ingentes que alumbrarán el prestigio de Galicia en el mundo: la conciencia histórica y el rango poético. Non faltarán dolores, sobrarán angustias. Y en el medio de ellos sonará el clarín congregador de Cantares gallegos y tras él, como aglutinante, la Historia de Galicia nos mira para siempre.

No outro artigo publicado o día 17 de maio deste mesmo ano, “Libro de fé e de esperanza. A xénese dos Cantares”, o noso escritor dedícouse a facer un percorrido polos distintos feitos que produciron a impresión do libro *Cantares Gallegos*, co que Galicia, gracias a Rosalía, entrou de novo triunfalmente nos eidos da Literatura Universal.

Afirma neste traballo Bouza Brey que Rosalía tiña fe no idioma, como ela mesma sinalou nas verbas limiares a *Cantares*. Esta fe fixo, segundo Bouza-Brey, que en Castela, na primavera do 1861, cando se sentía morrer de “mal de alonxamento”, escribíse o primeiro poema glosando unha cantiga popular galega e decidíse facer un libro das paisaxes e dos costumes de Galicia.

Por esta época estaba o seu home, Murguía, en Madrid, preparando a *Historia de Galicia*, a súa filla, Alexandra, quedara en Santiago, na casa que o matrimonio tiña na Rúa do Vilar 20 (41 no momento de escribir este artigo Bouza) coa súa avoa, a nai de Rosalía, e coa madriña da mesma. Enteradas a avoa e a neta do mal que Rosalía sufría fórona buscar e trouxérona no mes de Nadal. Nos comezos do verán chegaba Murguía a Santiago, pero ó pouco, o 24 de xuño morreu repentinamente dona Teresa, a nai de Rosalía, suceso que afectou profundamente á escritora. Retirouse a familia ás Torres de Hermida, en Lestrove. Alí Rosalía seguiu a escribir combinando os versos galegos cos casteláns que publicará no folleto “A mi madre”.

No inverno volveu Rosalía para Santiago, pero non para a Rúa do Vilar, de malos recordos, senón para o nº 7 (no momento en que escribe Bouza nº 9) da Praza do Mercado Vello, mesmo á porta de Mazarelos.

Parece que Rosalía nos derradeiros meses do 1863 escribía pouco debido á dor pola ausencia da súa nai. Murguía, ó parecer sen lle dicir nada, recolleu os poemas que Rosalía tiña escritos e levoullos ó seu amigo e editor Xoan Compañel. Tiraron o primeiro prego dos *Cantares* que Murguía presentou, de sorpresa, a Rosalía, quen se viu obrigada a seguir escribindo “non sin propor que saíse o libro a nome do seu esposo”.

Polo tanto, na casa da Praza do Mercado Vello foi onde escribiu Rosalía a meirande parte do libro e tamén as palabras previas nas que a autora explica o seu desacougo e esperanza. O prólogo ía ser de Nicomedes Pastor Díaz, pero a morte deste poeta romántico, político, diplomático, prestixioso coliterato a quen Murguía consideraba pai e mestre, fixo cambiar os plans e Rosalía decidiu facer unha dedicatoria a Fernán Caballero por se ter ocupado de Galicia con gabanzas como se pode constatar en parte da súa obra. Esta dedicatoria leva a data do 17 de maio do 1863, “hoxe hai cen anos”, di Bouza. A ela respondeu Fernán Caballero, chamando a Rosalía “reiseñor de Galicia”.

A primeira edición de *Cantares Gallegos* non respondeu ó que Rosalía e Murguía pensaran debido á imposición do editor que limitou as páxinas. Non debeu querer arriscarse debido á novidade que supuña pór na man do público por primeira vez un libro en lingua galega. Esta obra foi editada por suscripción, por iso o número de exemplares que se tiraron foi moi reducido. O editor advertía xa na propaganda que serían moi poucos os exemplares que quedarían para a venda libre. O precio marcado foi de 16 reais para a Península e de 30 para a Habana.

Esta primeira edición estaba constituída por 31 poemas numerados e 2 sen numerar (un deles de Alberto Aguilera). Na segunda, Madrid 1872, engadíronse 4, na terceira, 1909, tamén madrileña, correxida por Prudencio Canitrot engadíronse dúas composicións. E así ata deixar o texto definitivo en 37 poemas numerados e dous sen numerar como figuran nas sucesivas once edicións que acadou o libro incluída a das *Obras Completas* prologada por García Martí. Avisaba que a edición do centenario que publicaría Galaxia, fará o nº 12.

Hoxe Rosalía é unha das figuras máis estudadas da Literatura Galega, en Galicia e fóra dela, dende distintos puntos de vista. A bibliografía de Rosalía que comenta Bouza así como outros datos e afirmacións expostas nestes artigos están matizados e ampliados pola moita bibliografía que sobre esta autora existe hoxe<sup>25</sup>. Os estudos máis recentes foron lidos no “Congreso internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo” que se realizou en Santiago de Compostela no mes de xuño do 1985<sup>26</sup>. Pero estas aportacións, e outras moitas, de Bouza-Brey foron fundamentais para o coñecemento da biografía, da xénese das obras de Rosalía e mesmo para a interpretación das mesmas.

Non se esqueceu, nesta publicación, de dedicar algún espacio a autores da Literatura Española e así publicou “Mi recuerdo a Ramón Gómez de la Serna. Una noche en la tertulia de Pombo”<sup>27</sup>. Artigo no que nos fai un percorrido polas tertulias madrileñas que frecuentou. A de Ramón del Valle-Inclán, que se realizaba en “La Granja del Henar”, no patio; a obxecto deste traballo; á parte das tertulias que compoñían ocasionalmente os amigos galegos, a do café M<sup>a</sup> Cristina, Campinas São Paulo e Regina.

Conta Bouza-Brey que á tertulia de Pombo asistiu movido por

---

25. Vid. Aurora López e Andrés Pociña, *Rosalía de Castro. Documentación biográfica y bibliografía crítica*, dous volumes, A Coruña: Fundación “Pedro Barrie de la Maza, Conde de Fenosa”, 1991.

26. *Actas do Congreso Internacional de estudos sobre Rosalía de Castro e o seu tempo*, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega/ Universidade de Santiago de Compostela, 3 tomos, 1986.

27. *La Noche*, mércores 23 de xaneiro, 1963, ano XLIV, nº 12.832.

la simple curiosidad del que, con el escudo de sus pinitos literarios deseaba conocer el ambiente de la entonces Corte, tanto más cuanto que mi habitación estaba próxima a la calle Carretas donde asentaba el café Pombo.

Despois de describir o lugar, a hora de realización, etc. pasa a falar do dono do local, un home de Lugo apelidado Pombo, que foi quen o invitou a asistir á tertulia da noite. Dirixíaa Ramón Gómez de la Serna, nela falábase sobre todo de literatura francesa contemporánea, de revistas literarias e de Arte. Ramón, segundo conta Bouza-Brey, recibíuno moi agarimoso e o primeiro día pasou Bouza a ser a figura da tertulia para falar de Galicia, da súa literatura, historia, arte, etc, en definitiva de lugares e temas moi pouco coñecidos e de pouco interese para os personaxes, “personajillos”, que frecuentaban aquelas reunións. A Ramón Gómez de la Serna interesoulle todo o que contou Bouza, por iso no momento da súa morte quere o noso polifacético escritor deixar o seu recordo.

De Ramón Gómez de la Serna conservó siempre mi diestra el calor de su acogida y la invitatoria despedida a quien no había de verle más, pero que, por fortuna, todavía no es sujeto de su greguería, “Lo malo no es que se ponga blanco el pelo si no que se ponga blanco el corazón”. Por eso coloco este recuerdo, fresco como el primer día, entre las flores que cubre su ataúd.

Como observador histórico-literario son de salientar dous artigos nos que o noso crítico fai referencia a acontecementos de interese para o devir histórico-literario de Galicia:

- “Lugo de los Caballeros”, (14 xuño 1946).
- “El centenario del banquete de Conjo”, (martes 6 marzo 1956, p. 5).

No primeiro deles, Bouza-Brey reflexiona sobre a literatura popular “gallego-portuguesa” no concerniente ás poucas mostras da provincia de Lugo que aparecen no Cancioneiro popular a pesar de ser Lugo “vía de instrucción del Romancero, pórtico de peregrinos a Compostela” e a pesar tamén de ter unha moi rica mostra de romances, cantigas, refráns..., que falan das festas de Nadal, das faenas agrícolas, das festas de entroido, das romarías, das rondas nocturnas, tarefas pesqueiras... etc. Dánon unhas preciosas mostras desta tradición como a cantiga inédita na que fala o neno Xesús:

Miña nai, como son soio  
non sabe xa que me faga  
Todas as silvas me arreda  
todas as frores me apaña.

Ou a paremia:

De Lugo nin boa besta, nin bô burro; pero cabaleiros dos primeiros e montadores dos millores.

Paremia que lle serve para recordar ós fidalgos lucenses: os Pardos, os Ribadeneira, os Lemos, os Quiroga, os Valcarce, os Bolaños, os Luaces e para concluír que non son só os blasóns que campan sobre os portais os que proveñen deles senón tamén, e sobre todo, “ese gesto señor, esa mano cordial, ese saludo reverencioso que el alto ciprés lucense acaba de dirigir a su hermano el siempre verde ciprés de la noble Lusitania”.

Ten que ver este remate con dous acontecementos que provocan este artigo e que se refiren, o primeiro á homenaxe que a cidade de Lugo tributou ás letras portuguesas e ós

actos que a acompañaron. As personalidades que participaron nestes actos son eloxiadas por Bouza polo traballo desenvolvido en prol da súa provincia.

Muchos de sus nombres son los mismos que aparecen ganando a diario, batallas culturales con la pluma y con los hechos. Son los que van labrando las parcelas de la yerma gándara que para la investigación era la mayor parte de la tierra lucense...

O segundo refírese á Exposición que se realizara en Lugo, coa correspondente publicación, de libros impresos na provincia, que trataban dela e que foron escritos por lucenses.

No segundo artigo: “El centenario del banquete de Conjo” faise eco, como tódolos cronistas do romantismo galego, da importancia que para aquela época tivo o ágape celebrado o día 2 de marzo do 1856 no bosque de Conxo. Neste traballo, despois de facer referencia, con explicacións convincentes, ó erro transmitido por Carré Aldao en relación á data do banquete (día 6 e non 2, que é a verdadeira), pasa a recordar, segundo el, este acontecemento. Considera que se pode dar debido ó triunfo en España do partido chamado “progresista”. Tres estudantes (un de medicina e dous de dereito): Aurelio Aguirre, Eduardo Pondal e Luís Rodríguez Seoane organizaron este acto como un acto significativo do pensamento político novo. Consistiu nun ágape a celebrar no bosque de Conxo. As dúas da tarde do día sinalado chegaron a ese lugar os estudantes acompañados de cadanseu obreiro, sentaron a unha mesa e antes de comezar o almorzo unha comitiva buscou no campo unha rama de loureiro e unha palma “símbolos da liberdade” e con elas decoraron un tarxetón presidencial onde se lía “Orden-Fraternidad”. Na mesa ó lado de cada obreiro había un estudante. Nun momento dado abrazáronse dando proba de irmandade e a seguir os estudantes, vestidos de rigorosa etiqueta, serviron o xantar. Ó final fixéronse os brindis, uns improvisados e outros, como os de Pondal e Aguirre, preparados para esta ocasión. O de Pondal, do que Bouza reproduce uns versos, foi unha poesía en octavas reais que falaba dos ideais entón valedeiros. Poesía que conmoveu á concorrencia. O de Aguirre, tamén en octavas reais, reitera os conceptos de Pondal aínda que de forma máis pousada. Fai aquí Bouza unha paréntese para comentar os problemas que lle acarreou ó poeta un verso do brindis de Aguirre, o que di “al nacer de un hombre carpintero”. Verso que reproduce Bouza xunto a dúas octavas para que se observe mellor o feito. Este verso, ó parecer foi considerado unha herexía e polo tanto denunciado por un grupo de persoas “oficiosas y malintencionadas” á curia episcopal. O Prelado (despois cardeal García Cuesta) creuse no deber de chamar ó poeta co que sostivo unha longa conversa e puido así evitar que xentes menos comprensivas o denostasen. Aguirre publicou unha nova poesía “A mis calumniadores”, que Bouza reproduce.

Volvendo ó banquete, lidos os brindis, regresaron xubilosos a Compostela. Ocorre isto xusto no momento en que a cidade estaba poseída dunha fonda inquietude polo acuartelamento das tropas e pola intervención do Prelado avisando dos que cria que incitaban á loita de clases. Por todo isto os burgueses composteláns que paseaban pola Alameda no momento da chegada dos obreiros e estudantes correron a se refuxiar nas súas casas espaxando así a idea de que aqueles mozos viñan a man armada sobre a cidade. Este acontecemento tivo grande resonancia en Galicia e fóra dela. Gracias ó bo facer do deputado Ruíz Pons e do fiscal de Santiago don Juan Carballo os organizadores non foron deportados debido a que demostraron a nula perigosidade do acto e dos seus organizadores.

Os mozos de Galicia viron en Pondal e Aguirre os mestres en ideas e sentimentos, de aí que, ó morrer Aguirre, un pouco máis tarde, os estudantes e obreiros en “delirante apoteosis” o trouxeran a descansar á súa cidade. Para rematar este artigo Bouza bota man das palabras de Murguía e comenta que dificilmente volverá a pasar polas aulas de Santiago unha xuventude tan xenerosa e máis preocupada polas cousas da súa terra.

Como historiador, etnógrafo, prehistoriador e arqueólogo escribiu no vespertino compostelán:

- “Un viejo dios de los antiguos gallegos” (30 marzo 1946)
- “Una romería en Bretaña” (20 maio 1946)
- “Las bodas de Viriato”, (22 xullo 1946)
- “Galicia en las ermitas de Córdoba”, (22 novembro 1946)
- “Pontevedra villa y ciudad” (28 decembro 1946)
- “Cuando en Galicia baila el sol”, (venres, 14 febreiro 1947)
- “La Compostela que fué. Exposición de “Santiago retrospectivo”, (25 xullo 1955).
- “La Heráldica de Galicia. Fray José Crespo describe 1.600 blasones en sus páginas”, (sábado 12 outubro 1957, p. 3).
- “Ofrenda a Pérez Constanti desde el sillón de la Academia”, (sábado 30 novembro 1957, p. 3).
- “Villagarcía, cabeza del señorío de los Mendoza” (venres 15 agosto 1958)
- “A rolda de D. Salvador”, (mércores 27 maio 1964).

Todos eles, están caracterizados, como di Otero Pedrayo<sup>28</sup> pola

pureza e severidade do seu método, do seu respecto relixioso á verdade, do ascetismo dos seus xuicios, do senso cósmico da cultura galega que o guiaba sempre.

Aínda que Otero se refería ós seus traballos monográficos, tódalas características citadas vense nos traballos de prensa que escribe o noso homenaxeado, feito que nos indica que traballaba con minuciosidade e non consideraba a prensa como soporte de cultura de urxencia senón que vía nela un soporte tan serio coma calquera outro para dar unha información, recreación ou investigación veraz, ben documentada e traballada, como intentei demostrar ó parafrasear os artigos anteriores.

En *La Noche*, ademais dos traballos de Fermín Bouza Brey, rastrexamos todo tipo de comentarios sobre a súa obra e personalidade para facer unhas consideracións sobre a recepción que tivo no período que abrangue esta publicación.

Bouza-Brey era constantemente citado tanto pola súa calidade de colaborador coma pola súa asistencia a congresos, conferencias, pola súa participación en cursos de verán, polas becas que se lle concederon, polas súas viaxes, etc.

---

28. “Fermín Bouza-Brey no lembrar”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, tomo XXVIII, fasc. 84, p. 8).

O seu labor creador e investigador foi seguido minuciosamente polos compañeiros colaboradores de La Noche. Eles foron os encargados de deixar impresos moitos comentarios críticos, polo xeral laudatorios, da súa obra.

Como creador mereceu a consideración de prestixiosos estudiosos da literatura, ben para encadralo no panorama poético do momento ou ben para comentar puntualmente a publicación dalgunha das súas obras.

Así, Salvador Lorenzana, é dicir Francisco Fernández del Riego, nun artigo titulado “Paisaje y saudade de nuestra poesía” (19 agosto 1946), despois de facer un percorrido pola nosa poesía lírica dende a época medieval, ó se referir á obra poética de Fermín Bouza-Brey di:

Un Bouza-Brey -colector del tesoro trovadoresco- cantando a la naturaleza con rubio verso de miel.

Noutro artigo, “Panorama actual de las letras y las artes gallegas” (sábado, 24 xullo 1948) o mesmo crítico, no apartado que dedica á poesía, avisa que Bouza-Brey realizou unha poesía exemplarmente galega sen influxo alleo, fundada na tradición medieval e nas fontes populares e tamén que Bouza se propón dar á publicidade, de novo, o seu libro *Nao senlleira*, coa adición de poemas inéditos<sup>29</sup>.

Neumandro (pseudónimo de Anxel Fole) nos artigos titulados “Nuestra lírica contemporánea. Hay un grupo de poetas auténticos que serían honra y gala de cualquier literatura” e en “Nuestra lírica contemporánea. No existe una corriente saudosa como característica en los poetas de hoy”, (22 e 24 maio 1956, respectivamente), ó facer un percorrido pola lírica contemporánea fala dos bos poemas de mocidade de Bouza-Brey e da súa pertencencia á tendencia trobadoresca:

La llamada tendencia arcaizante, derivada de los “cancioneiros”, ha dotado de un formalismo propio, inconfundible a la lírica galaica. Un movimiento renovador y depurador, semejante al del modernismo o al de la vuelta a Góngora. Ha unido lo arcaico a lo moderno. Se trata en realidad de una nueva escuela trovadoresca. Mas como todos los movimientos puramente formalistas de escaso empuje y de no larga vigencia. Quizás esté periclitando. Mas arte poética que poesía categórica. No supone un cambio en la estética, como el simbolismo. En esta modalidad destacan por su gran belleza las cantigas de Fermín Bouza Brey, Alvaro Cunqueiro, los hermanos Alvarez Blázquez, José Díaz Jácome, etc.

Por outra parte Salvador Lorenzana en “Un libro gallego con grafía portuguesa: *Seitura*, poemas de Bouza Brey” (14 maio 1956) estudia a forma e o contido deste poemario. Salienta en primeiro lugar o feito de ser o primeiro libro que se escribe en galego con grafía portuguesa, como ben advirten os editores da Colección 4 ventos, encargada da súa publicación e coa que iniciaron a serie da poesía galega. Observa que este poemario está apoiado “en la mas limpia tradición medieval” e que Bouza é un bo coñecedor da nosa poesía popular “aunque su labor creadora se singularice por una hechura cortesa-

---

29. Nova edición que non chegou, segundo os nosos coñecementos, a se realizar.

na". A seguir, fai un percorrido pola técnica formal que predomina no poemario e que nos revela a un poeta cun perfecto dominio da técnica formal da nosa poesía arcaica pero tamén da lírica de hoxe. Aprecia ademais un ton melancólico en moitos poemas aínda que ós ollos do lector non pareza desbocada nin excesiva. Remata dicindo:

Nos place elogiar aquí a aparición de *Seitura* que mantene en la época de madurez de su autor, la misma calidad singular que éste aportó a nuestro parnaso con la publicación de *Nao senlleira*.

Como historiador, prehistoriador, etnógrafo, lexicógrafo, etc. tamén mereceu as gabanzas dos seus compañeiros de publicación e mesmo se atopan recensións deste tipo na publicación obxecto do noso traballo. Sirva como exemplo, "Un estudio de Bouza Brey A fala dos cesteiros" (22 xaneiro 1955), feito por José Ramón y Fernández<sup>30</sup> e no que se eloxia o estudio citado de Bouza Brey ó que, segundo o reseñista, non lle faltan boas ilustracións de fotografías e debuxos e menos un estudio serio, polo que se converte nunha

importantísima aportación para el conocimiento de un curioso aspecto de la etnografía y la lingüística gallega que ha de merecer el elogio de cuantos se preocupan por la cultura de nuestra Patria.

Como puidemos observar polas consideracións que os diferentes estudiosos verqueron en *La Noche*, Bouza-Brey foi moi ben considerado, no seu tempo, tanto pola súa faceta creadora coma pola crítica e investigadora, por iso non se entenden moi ben as razóns que levaron a un esquecemento tan grande de Fermín Bouza-Brey. Esperamos que esta homenaxe que Galicia lle vai render sirva de espoleta para que toda esa obra sexa máis coñecida e estudiada e ocupe o lugar que lle corresponde na nosa cultura.

---

30. Moi coñecido polo pseudónimo Ben-Cho-Shey.